



UNHA FIN DE SEMANA INESQUECIBLE

Esta historia que vos vou contar pódenos suceder a calquera, por iso vola conto, para que se algunha vez se vos ocorre unha idea xenial como esta saibades a quen levades de amigos para que todo vos saia ben e non acabe como esta lamentable historia.

Todo comeza un venres pola mañá cando uns alumnos de 4 de E.S.O dispóñense a roubar as chaves do seu instituto para pasar alí todos a noite e facer o botellón. Entre eles todos está unha rapaza chamada Malena, de 15 anos, a quen lle parece unha idea xenial, xa que así poderá pasar a noite co seu mozo.

No recreo, mentres as rapazas entreteñen aos profesores, os rapaces fanse coas chaves.

É venres pola tarde, todo saíu segundo o previsto, agora só hai que esperar para meter as bebidas, a música e todo o resto.

Ás 22:00, xa está todo desaloxado, eles entran e desactivan a alarma, despois diríxense ao ximnasio, xa que é o sitio máis cómodo para pasar a noite.

Unha vez alí empezan a colocar os altosfalantes para a música e as colchonetas no chan para estar máis cómodos.

Son as 22:20, xa teñen todo listo e empezan a emborracharse, mentres algunhas rapazas empezan a bailar; Álvaro e Luís fuman uns porros. A Sandra, a súa moza, non lle parece unha boa idea

e dille a Malena que Álvaro é unha mala compañía; Malena pensa o mesmo

porque sempre anda a trompadas con todos por calquera cousa.

Malena prefere pasar un pouco de ese tema, xa que é tempo perdido falar con un borracho e vai a onda o seu mozo Cristian, pero, ao ver a Sandra tan preocupada polo seu mozo, propón un xogo para que Luís se afaste un pouco de Álvaro e vaia coa súa moza.

O xogo é con unha botella, tratase de xirala, e ao que lle toque ten que dicir que é o que máis desexa nese momento. Se pode cumprilo ben, de premio pode beber un pouco da botella que el queira, e se non ten que beber unha botella do que os seus compañeiros queiran, como se é de Tequila.

A todos lles parece un xogo fantástico, incluso a Álvaro ao que sempre lle parece mal todo.

Comezan a xogar e a botella xusto vai e tócalle a Luís, que di que o que máis desexa nese momento é estar coa súa moza Sandra, que para iso foi, e non vai botar todo a perder. Malena alégrase, xa que o seu plan funciona.

Logo tócalle a Pablo, que di que o que máis desexa nese momento é facer un striptease coa súa compañeira Susi, que non o pensa dúas veces e acepta coa condición de que o resto tamén o faga. Despois de moitas risas continúa o seu xogo e tócalle a Malena, que di que o que máis desexa nese momento é darlle un morreo ao seu mozo e clara xa é o que fai.

Cando xa eran as 00:00 tocoulle a Álvaro, que dixo que

o que máis desexaba nese momento era matalos a todos.

Todos quedaron "flipando" e acto seguido comezáronse a partir de risa, todos menos Malena, que cría capaz a Álvaro de facer algo, así, entón díxolle o seu mozo que por favor se afastaran o máximo del; Cristian quixo tranquilizala, pero por se acaso fíxolle caso a Malena.

Máis tarde, como xa se cansaran de xogar ao xogo, cada un seguiu ao seu, só que esta vez Luís e Sandra fóronse para o baño para ter un pouco máis de intimidade.

O que eles non sabían era que eles serían os primeiros en morrer, xa que o que dixera Álvaro ía totalmente en serio e non era unha broma como eles crían.

Eles empezaron a "liarse" e cando se deron conta viron a Álvaro que estaba mirando para eles con unha motoserra na man, quedaron "flipando" e preguntáronlle de onde a sacara; Álvaro dixo que el a trouxera pola tarde antes de vir con todos. Eles quedaron sen palabras e Luís, que estaba un pouco borracho díxolle que para que a quería; el riu e mirounos fixamente. Sandra asustouse e Luís díxolle que, se fora por el, alí estaba de mais. El, en vez de facer iso, acendeu a motoserra e matounos.

Álex, ao escoitar os gritos foi alí e viuunos mortos no chan. El berrou e foron todos a ver o que pasaba. Os seus amigos non entendían o que pasaba ata que Malena dixo que fora Álvaro.

Todos correron cara a porta de saída, pero cando chegaron alí non podían abrir,



UNHA FIN DE SEMANA INESQUECIBLE

posto que estaba todo pechado.

Paola dixo que ela coñecía a Álvaro de sempre e fixo como que era unha broma e que os seus compañeiros non estaban mortos, senón que sería unha broma de todos eles.

Malena dixo que coñecía a Sandra e sabía que todo iso non era unha broma e que ela estaba morta de verdade.

De repente apareceu Álvaro motoserra na man manchado de sangue e Paola que non lle fai caso a Malena e dirixiuse a Álvaro dicíndolle que parase con toda esa farsa, que non a enganara. El camiñou cara a ela e cortoulle a cabeza. Jordan, cabreado, colleu un hacha e foino a matar, pero en vez diso o único que logrou foi acabar coa súa vida. Os seus amigos atemorizados botáronse a correr.

Todos eles dispoñíanse a encontrar unha saída, pero non a encontraron posto que Álvaro se encargara de cerrar todas as porta.

Pablo e Susi non se decataron do que estaba a suceder, xa que estaban no despacho do director e como estaban moi ao seu non se decataron de nada. De pronto abriuse a porta e apareceu Álvaro coa súa motoserra na man, a eles non lles deu tempo a reaccionar e morreron no acto.

Os seus amigos, que escoitaron os gritos, déronse conta de que xa só quedaban eles catro.

Malena dixo que lle tiñan que tender unha trampa que consistiría en que ela fose o cebo e Álex e Cristian o matasen polas costas e que



Ana sería mellor que se escondese nunha clase e non fixese nada, posto que non se tiña de pé. O plan xa estaba en práctica e Malena estaba escapando como se fose a última que quedaba, pero cando Álvaro pasou por onde estaba agochada Ana, saíu e el xa a matou nese mesmo intre. Malena tirouse no chan e botouse a chorar mentres Álvaro se dirixía cara onde ela coa motoserra. Álvaro, que tamén estaba un pouco borracho, non escoitaba os pasos dos outros dous. Pero decatouse de que el non matara ao mozo de Malena, entón xirou e matou a Álex que estaba detrás súa a punto de matalo. Malena, ao ver que este se dirixía ao seu mozo, foi e colleu a hacha que tiña Álex e cravoulla forte a Álvaro que xustamente foi caer coa motoserra encima de Cristian. Malena, ao ver isto, botouse a chorar, pero como non podía aguantar ver o seu mozo morto, foi ao ximnasio e bebeu

todas as botellas que quedaban.

Ao día seguinte os profesores foron ao instituto e descubriron toda aquela matanza, e cando chegaron a onde estaba Malena vírona alí tirada no chan chea de sangue e borracha como unha cuba.

Levárona de aquel lugar, pero cando pasaron polo corredor onde matara a Álvaro, el non estaba, só o seu sangue. Ela empezou a berrar non o podía crer. A xente tomouna por tola e decidiron ingresala nun manicomio polos crimes cometidos.

Xa vedes, o que ía ser unha fin de semana inesquecible terminouno sendo, pero dunha maneira que ninguén esperaba, excepto Álvaro, claro. Así que xa sabedes, tede tino con quen invitades a estas festas e o final será diferente.

GIOVANNA FOCIÑOS, B1A, VIRGINIA FOCIÑOS, S4B, ELODIE DIEGUEZ, S4B